

# Elaboración dun proxecto

Que é bo lembrar acerca dos dereitos de autor



# Uso de imaxes e outras obras

- Por norma xeral, precísase permiso do autor para copiar e pegar o traballo de outras persoas no teu traballo.
  - As fotos, a música, os vídeos, os artigos de publicacións, os libros e os mapas están protexidos por dereitos de autor.



# Que podo usar sen permiso?

1. Os datos, as ideas, as teorías e os conceptos poden usarse libremente.
  - O que se protexe é a orixinal forma na que se narran, expresan, describen esas ideas, teorías ou conceptos. Lembra sempre que, ao escribilas, tes que explicalas coas túas propias palabras.
  - Lembra citar as fontes de onde extraeras eses datos ou ideas.



# Que podo usar sen permiso?

## 2. Uso das citas

- Poden tomarse citas directas dun texto e incluílas no teu propio traballo. Para iso, debes cumprir os seguintes requisitos: debes limitarte a utilizar só un fragmento, a modo de cita, análise, comentario ou xuízo crítico. Só podes facelo con fins docentes ou de investigación. Debes citar a fonte e o nome do autor. Se se trata dunha imaxe, podes incluila completa.
- Lembra indicar o autor e as fontes.



# Que podo usar sen permiso?

## 3. Obras libres de dereitos de autor

- O prazo de protección xa non está vixente, é dicir, pasaron 70 anos desde o ano do falecemento do autor.
- As leis, os regulamentos e os seus correspondentes proxectos, as resolucións dos órganos xurisdicionais e os actos, acordos, deliberacións e ditames dos organismos públicos, así como as traducións oficiais de todos eles non están protexidas por dereitos de autor. Porén, determinadas edicións das anteriores si poderán estar protexidas por dereitos de propiedade intelectual.

# Que podo usar sen permiso?

## 4. Incluír ligazóns

- Está permitido incluír ligazóns directas a un sitio web orixinal, legal.
- Requírese permiso para inserir un vídeo ou algo semellante no traballo, por exemplo, cunha licenza Creative Commons.



# Uso permitido con licenza

1. Coa licenza de CEDRO para centros educativos poden copiarse fragmentos de textos.
2. Permiso do organismo que xestiona os dereitos de autor (por exemplo, para o uso de música).
3. Licenza Creative Commons ou CC.
4. O permiso solicítase directamente ao autor.

# Uso de imaxes

1. Podes usar fotos feitas por ti.
  - Lembra pedir permiso ás persoas que aparezan nelas para usalas.
2. Se un centro educativo precisa autorización para copiar imaxes pode solicitala na entidade de xestión VEGAP ou pedila directamente ao titular de dereitos.
3. Poden usarse imaxes compartidas baixo unha licenza Creative Commons.



# Uso de imáxenes


4. Poden usarse imaxes cuxo prazo de protección xa non estea vixente.
5. Sempre podes pedir permiso ao autor para usar a imaxe.

Lembra mencionar sempre o nome do fotógrafo ou do autor da foto.



# Facer fotos

- Poden facerse fotos en lugares de acceso público.
  - Os lugares de acceso público son, por exemplo, rúas e parques.
  - Nos lugares públicos, tamén poden fotografarse persoas se se conta coa súa autorización.
  - Incluso nun lugar público, o propietario do lugar, p. ex., un museo, pode prohibir facer fotos.
- O suxeito da imaxe tamén pode negarse a que lle fagan fotos.



# Facer fotos

- Nun espazo privado, como a casa de alguén, requírese permiso para facer fotos.
- Ten en conta que facer unha foto é algo distinto a publicar unha foto.



# Engadir música de fondo

- Consulta os arquivos de música e efectos de son e as condicións de uso dos programas de edición de vídeo (como iMovie ou Final Cut).
- Hai música dispoñible en Internet que pode usarse.
  - P. ex.: CCMixer e Freesound.org
  - Lembra consultar detidamente as condicións de uso.
- Podes usar a música que fagas ti.
- Para gravar música, debe obterse o permiso dos titulares de dereitos ou da entidade de xestión correspondente, SGAE ou SEDA e AGEDI, en función do caso.



# Uso de extractos de texto e citas

- Pegar un artigo dunha publicación, unha táboa ou fragmentos de texto como parte o teu traballo
  - Coa licenza de dereitos de autor para centros educativos de CEDRO poden copiarse extractos de libros, publicacións, etc.
  - Sempre está permitido usar datos, información, datas, acontecementos que obteñas doutras fontes.
    - Lembra escribir esta información coas túas propias palabras.
  - Está permitido facer citas directas dun texto, sempre que se limite a un fragmento, se leve a cabo con fin docente ou de investigación.

# Uso de extractos de texto e citas

- Lembra indicar sempre o autor e as fontes.
- Asegúrate da fiabilidade das fontes.



# Coa licenza de dereitos de autor para colexios de CEDRO:

- Permítese

- Escanear textos de libros, publicacións, etc.

- 10 % de libros ou un artigo dunha revista.

- Reproducir mediante fotocopia ou imprimir partes de libros, revistas e xornais.

- 10 % de libros ou un artigo dunha revista.
    - Incorporar o fragmento nun documento elaborado polo centro e para uso interno.



# Coa licenza de dereitos de autor para colexios de CEDRO:



- Permítese
  - Fotocopiar fragmentos de textos de libros, publicacións, etc.
    - E reparto dunha copia a cada alumno.
- Lembra indicar sempre as fontes.



# Licenzas Creative Commons



= Debe indicarse o autor da obra.



= A obra non pode utilizarse con fins comerciais.



= A obra non pode alterarse.



= Unha variación dunha obra debe distribuírse en Internet baixo as mesmas condicións da licenza Creative Commons que a obra orixinal.

- Antes de utilizar material cunha licenza Creative Commons, aclara as condicións baixo as cales o autor autorizou o uso do material.
- Se é posible, sempre debe incluírse o nome do autor e o símbolo da licenza Creative Commons do material que utilizas e unha ligazón á obra orixinal.

# Citar as fontes

- Cando utilices material feito por outra persoa ou cites unha obra feita por outra persoa, deben indicarse o nome do autor e a fonte conforme ás boas prácticas.



# Exemplos para citar as fontes

- Citar unha imaxe
  - Nome do autor ou fotógrafo.
- Unha imaxe de Internet
  - Nome do autor. Nome da imaxe. Enderezo web. Data na que se copiou a imaxe.
- Sacar información de Internet
  - Autor. Título. Enderezo web. Data de consulta da páxina.



# Exemplos para citar as fontes

- Citar un libro como fonte de información
  - Autor(es). Nome do libro. Ano de publicación. Editorial. ISBN.
- Entrevista
  - Nome do entrevistado. Profesión. Empresa. Día da entrevista.

